

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 3º DE ESO CULTURA CLÁSICA

CONTIDOS MÍNIMOS

A capacidade de recoñecer o legado de Grecia e Roma e a orixe grecorromana en diferentes aspectos da vida cotiá, histórica e cultural da sociedade actual.

Valorar as principais manifestacións culturais e literarias do mundo clásico.

Relacionar o mundo grego e romano co mundo europeo actual, recoñecendo os posibles nexos de unión entre ambos.

Obter unha visión global da civilización grega e romana en todos os seus aspectos: lingüístico, cultural, literario, etc....

Recoñecer o ámbito xeográfico-lingüístico grego e romano xunto á súa importancia histórica.

Coiñecer e valorar que a diversidade lingüística e cultural de España ten a súa orixe na lingua e cultura latina e en menor grao na grega e adquirir os mecanismos de formación de palabras (derivación e composición de orixe grecolatina) traballados durante o curso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.- Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

2.- Localizar no tempo e no espazo as etapas básicas das cultura grega e romana e os seus feitos máis relevantes ou elementos de cambio e continuidade e as relacións con outras culturas coetáneas.

3.- Identificar as formas básicas de organización social e política de Grecia e de Roma e a súa continuidade no mundo de hoxe.

4.- Localizar no espazo xeográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico na Gallaecia e Hispania.

5.- Distinguir nas diversas manifestacións literarias, artísticas e, incluso, científicas de todos os tempos, a mitoloxía clásica como fonte de inspiración.

6.- Identificar elementos do legado lingüístico común das linguas románicas actuais. Recoñecer o vocabulario grecolatino nas linguas modernas.

7.- Recoñecer os trazos esenciais de cada xénero literario.

8.- Valorar criticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades da influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, disposicións e costumes.

9.- Identificar aspectos positivos da aportación da cultura clásica á civilización occidental no campo do pensamento, da ciencia e da técnica.

10.- Manexar recursos que permitan elaborar, coa axuda da profesora, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá de Roma.

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

Considerase superada a materia de Cultura Clásica cando os/as alumnos/as teñan cumprido os seguintes puntos:

1.-Ter realizado puntualmente as actividades propostas na aula ao longo do curso.

2.-Ter entregado un traballo elaborado sobre os temas transversais relacionadoS cun tema cultural grego ou latino.

3.-Ter realizado probas orais e/ou escritas que manifesten o dominio dos coñecementos mínimos.

Promocionará o alumnado que realice as actividades que se propoñan na aula, que elaboren un caderno de contidos morfosintácticos con claridade, que elaboren un traballo monográfico, e que en probas orais e escritas demostren un coñecemento dos contidos mínimos explicitados anteriormente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En canto aos criterios de cualificación estarán baseados na suma de todos os factores mencionados. Cada apartado terá o seguinte peso específico na cualificación final:

1. Actividades e traballo diario a nivel individual e colectivo: 20%

2. Traballo monográfico realizado : 20%

3. Probas orais e/ou escritas: 60%